

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 20 DE**

### **OUTUBRO DE 2011**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte de outubro de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona María Olga Santos López, de EU; don Alfredo Rodríguez Abella e dona María Victoria Amor Prieto, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asiste, con escusa, don José Antonio Orosa Fernández, de UniónxCambre.

Asisten dona Isabel M<sup>a</sup> Fuentes Torices, interventora accidental, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 8 de setembro de 2011, con carácter supletorio da correspondente ao día 18 de agosto de 2011**

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 8 de setembro de 2011, con carácter supletorio da correspondente ao día 18 de agosto de 2011.

Non se formulan alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos dezaoito concelleiros presentes neste momento no salón de sesións, aprobou o citado borrador.

Cando son as 20:05 horas incorpóranse á sesión os dous concelleiros do grupo municipal do BNG.

## **2º Proposta de constitución con carácter permanente, da Mesa de Contratación para asistir ao órgano de contratación nos procedementos abertos, restrinxidos e procedementos negociados con publicidade**

Vista a proposta de Alcaldía de data 6 de outubro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo de data 18 de outubro de 2011.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que esta é unha proposta de todos os grupos para que na Mesa de Contratación haxa un representante de todas as forzas políticas. É algo que xa estaba así na pasada lexislatura, e agora hai que volver constituíla para esta lexislatura.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que en principio están de acordo coa proposta, o que si queren solicitar é unha ampliación dela, xa que, se ben na proposta se establece que a Mesa de Contratación vai asistir ao órgano de contratación na adxudicación de contratos nos procedementos abertos, restrinxidos e negociados con publicidade, tamén é certo que existe a posibilidade de que se abra tamén para os contratos negociados sen publicidade.

Cren que desta forma poderían lograr que dende o concello o procedemento de contratación fora máis eficaz, e tamén que os procedementos de contratación foran máis transparentes. Entenden que non varía substancialmente a proposta que se fai por parte do Sr. alcalde, e tendo en conta que neste tipo de contratos o órgano de contratación é o propio alcalde, piden dende aquí que, subscribindo a proposta nos termos que vai, se amplíe á posibilidade de que a Mesa de Contratación entenda tamén dos contratos negociados sen publicidade.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre contesta que non sabe se esta suxestión necesita unha ampliación do informe xurídico presentado.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que non sabe se esta foi unha petición dos demais grupos, pero dende logo foi unha petición nun pleno do grupo municipal de EU, onde solicitaron que todos os representantes da oposición formaran parte deste órgano. Polo tanto, sen prexuízo das apreciacións que fixo o voceiro do grupo socialista, o voto de EU vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre propón que se vote a proposta tal e como se trouxo a este pleno, sen prexuízo de que posteriormente se faga algunha modificación, xa que na xunta de voceiros xa se falou deste tema e non lle parece razoable a última hora, sen ningún tipo de preaviso, facer unha modificación. Trátase dun tema que xa se trouxo noutras ocasións, pero gustaríalle consultalo cos responsables de contratación para ver se isto pode supoñer que se paralicen demasiado os procedementos de contratación.

Pídelle ao voceiro do PSdeG-PSOE, que deixe a proposta enriba da mesa e, unha vez estudado, daranlle unha resposta.

Don Augusto Rey Moreno sinala que a proposta que el fixo non é unha proposta do seu grupo, xa que no informe técnico que se achega coa proposta de Alcaldía, recóllese esa posibilidade, ou sexa, que non é algo que apareza ex-novo. En todo caso, se consideran que necesitan tempo para estudalo, aínda que sexa unha proposta que terá que saír do Sr. alcalde como órgano de contratación, aceptan que quede sobre a mesa, aínda que lles gustaría que se tivera en conta.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que a proposta que trouxeron ao pleno é a que se tratou en xunta de voceiros e comisión informativa, agora teñen dúas posibilidades, aprobala como está e, se é o caso, modificala a posteriori, ou deixala sobre a mesa neste momento.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que el, como voceiro do PSdeG-PSOE, pode solicitar que quede a proposta sobre a mesa para o próximo pleno, para o seu estudo, pero, evidentemente, o resto de grupos tamén terán que pronunciarse sobre este tema.

Don Luis Miguel Taibo Casás coincide en que, como o grupo socialista fixo a súa proposta neste momento, deixala sobre a mesa para que a estuden todos os grupos e decidir despois.

Así pois, á vista das opinións manifestadas polos grupos municipais, e por unanimidade dos concelleiros asistentes á sesión, o Sr. alcalde manifesta que a proposta queda sobre a mesa para o seu estudo.

### **3º Aprobación, se procede, da revisión das tarifas a percibir polo concesionario do complexo deportivo municipal da Barcala e piscinas descubertas no Balado e no Temple**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado de data 10 de outubro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda e pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 18 de outubro de 2011.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vota a prol.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o voto do seu grupo tamén vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo vai manter o voto da comisión informativa e vanse abster. Di que as revisións das tarifas atópanse dentro da porcentaxe que se contempla nos pregos de prescricións técnicas, que foron aprobados no ano 2005 cando o seu grupo non formaba parte da Corporación, pero se miran algún tipo de comparativas dos incrementos dos últimos tres anos, danse conta de que dende o ano 2008 ata o ano 2011 aumentan nun cómputo global de ata un 25%, e nalgún caso algo máis.

Son conscientes de que a subida é totalmente legal, pero sendo conscientes tamén da crise que se está padecendo, sobre todo en determinados sectores, como pode ser a 3ª idade ou diminuídos, estas subidas nalgún caso igual non poden ser asumidas. O abono súbelles un 19% en tres anos, e na 3ª idade incluso máis, un 23,3%. Por todo isto, instan e animan a valorar a posibilidade de facer algún tipo de campaña para incentivar á xente a que vaia á piscina, porque con estas subidas o que poden acadar é que cada vez vaia menos xente e se teñan que incrementar aínda máis as taxas. Esa é unha responsabilidade do goberno e, sobre todo, que respecten ante todo as necesidades de certos sectores, non só para o ocio senón como algo terapéutico, xa que ás piscinas tamén se pode ir por prescrición médica.

Conclúe dicindo que o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a María Victoria Amor Prieto, concelleira do BNG, manifesta que o seu grupo vai cambiar o voto das comisións e vai votar en contra, porque non lles parece o momento para subir un servizo aos veciños, sobre todo cando xa é máis caro que noutros concellos limítrofes. Di que xa hai veciños de Cambre que van a outras piscinas porque é máis barato.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que lle gustaría informar e deixar claro que esta proposta, aínda que a teña que traer o goberno municipal, non é unha proposta deles, senón que ten a súa base nuns pregos de contratación que se aprobaron no ano 2005, cando neste concello gobernaban outros partidos. Eles están sometidos ata que finalice esta concesión á revisión de prezos que figura no prego de cláusulas. Tamén quere informar que a empresa tiña a posibilidade de subir ata un 7% os prezos para o próximo ano, e grazas ás negociacións, en particular do concelleiro de Deportes, conseguiron que sexa significativamente máis baixa a subida.

Conclúe dicindo que eles tamén cren que non é o momento para facer unha subida dun servizo público, pero están sometidos a uns pregos que se aprobaron noutra época.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, e don Manuel

Marante Gómez, concelleiro do GM, votan en contra os dous concelleiros do BNG e abstéñense os dous concelleiros de EU e don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM.

A Corporación, por quince votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar a revisión das tarifas a percibir polo concesionario do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e no Temple, que quedarían como se detalla a continuación:

### Outubro 2011

#### Abonados

Abono Individual xeral	28,30
Abono Familiar	27,30
Cónxuxe	4,90
Fillos	4,90
Abono xoven	20,40
Abono 3ª idade e dim.	20,15
Abono matinal	19,50
Matrícula abonados	27,50
Mantemento Matrícula	14,50

#### Non abonados

Entrada xeral	5,00
Entrada -18 anos	3,50
Entrada estudantes	3,30
Entrada 3ª idade	3,50

#### Baño libre piscinas exteriores

1 días	3,30
1 día, -18 anos, estudantes, carne xoven, 3ª idade	2,95

#### Programa deportivo municipal na Barcala

##### Abonados

Natación bebés (1 día semana)	7,40
Natación escolar (1 día semana)	5,95
Natación escolar (2 días semana)	10,85
Natación 3ª idade (2 días semana)	10,85
Natación recuperación funcional (2 días semana)	10,85
Natación educación especial (2 días semana)	12,50
Matrícula	14,20

##### Non Abonados

Natación bebés (1 día semana)	14,80
Natación escolar (1 día semana)	11,90
Natación escolar (2 días semana)	21,70
Natación 3ª idade (2 días semana)	21,70

Natación recuperación funcional (2 días semana)	21,70
Natación educación especial (2 días semana)	25,00
Matrícula	28,40

#### **Programa deportivo municipal en piscinas exteriores**

Natación Iniciación Infantil	37,80
Natación Perfeccionamiento Infantil/adultos	37,80
Natación iniciación adultos	37,80

#### **Actividades**

##### **Abonados**

Fitness (2 días semana)	12,00
Fitness (3 días semana)	17,10
Fitness (5 días semana)	26,25
Sesión	2,85
Natación adultos (2 días)	11,95
Natación adultos (3 días)	15,95
Matronatación (2 días)	12,50
Aquagym (2 días)	14,15
Aquagym (3 días)	19,10
Ed. F. de Base (1 día)	10,00
Ed. F. de Base (2 día)	16,50

##### **Non abonados**

Fitness (2 días semana)	20,00
Fitness (3 días semana)	27,90
Fitness (5 días semana)	43,10
Sesión	5,00
Natación adultos (2 días)	23,90
Natación adultos (3 días)	31,90
Matronatación (2 días)	25,00
Aquagym (2 días)	28,30
Aquagym (3 días)	38,20
Ed. F. de Base (1 día)	14,80
Ed. F. de Base (2 días)	23,60

Segundo: Comunicar á empresa Hebe Sport S.L. os acordos adoptados

#### **4º Solicitud de desafectación da escola unitaria de Ribeiriña-Bribes**

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 18 de outubro de 2011.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que, como xa explicou nas comisións informativas, trátase dun simple trámite para poder

utilizar a escola unitaria de Bribes, que agora mesmo xa non se usa como escola. Di que no mes de marzo xa se aprobou en pleno a mutuación demanial para que ese edificio se puidera utilizar para outros fins, pero para completar os trámites a Corporación ten que facer a solicitude á Xunta para que eles tamén desafecten o edificio e o concello o poida utilizar como edificio municipal.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que lle gustaría levar a cabo unha aclaración, xa que entenden que, respectando o acordo de mutación demanial, o ben queda cualificado xuridicamente como de dominio público.

Ante a resposta afirmativa do voceiro do PP, a concelleira socialista manifesta que o seu grupo vai votar a prol da proposta.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vai manter o voto das comisións, a prol da proposta.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que manteñen o voto favorable do pleno de marzo pasado, e o emitido tamén nas comisións informativas de antonte, co fin de que os veciños de Bribes poidan desfrutar dese local para actividades culturais, deportivas, etc.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o voto do seu grupo tamén é a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, tamén manifesta o seu voto favorable.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Solicitar a desafectación do local sito en Ribeiriña n.º 10 – Bribes, con referencia catastral 6418101NH5961N0001BM, ata hai dous anos utilizado como escola de educación infantil, e que no sucesivo será destinado á actividades culturais e de fomento do asociacionismo.

Segundo: Remitir o acordo á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

## **5º Mocións**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE.

**A) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa a instar á Xunta de Galicia e ao goberno municipal á adopción de medidas que favorezan a conciliación da vida familiar e laboral das familias de Cambre no eido educativo**

Rexistrada de entrada ao núm. 16980 o día 14 de outubro de 2011. Consta do seguinte teor literal:

“Un ano máis, son moitas as familias de Cambre que tendo dereito ao servizo de comedor escolar nos respectivos centros educativos do concello onde os seus fillos cursan os estudos, non poden desfrutar del, a pesares de cumprir con todos os requisitos establecidos pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia. En concreto son máis de 70 os rapaces de Cambre que quedan sen atención.

A actual conxuntura económica e social debería propiciar unha redefinición dos criterios de acceso a este servizo na que se tivera en conta, ademais, as especiais circunstancias de moitas familias á hora de compaxinar a súa actividade laboral coa súa situación familiar. Mais ao contrario, dende a propia Consellería de Educación da Xunta de Galicia, pónense trabas para o acceso a un servizo esencial tanto para os rapaces e rapazas como para as súas familias. Baste como exemplo a instrución 1/2011 que a Consellería de Educación ven de ditar, de obrigado cumprimento nos comedores escolares dependentes desa Consellería, para o curso 2011-2012. Nesa instrución, chámamos a atención un parágrafo que amosa especialmente a actitude do goberno da Xunta de Galicia nestes momentos de crise e de precariedade para as familias. Citamos textualmente este parágrafo:

*“Para evitar que se produzan actuacións fraudulentas dos obrigados a pagar o servizo, todas as persoas usuarias do comedor que non estean ao corrente das súas obrigas de pagamento, isto é, que teñan pendente calquera cantidade, por mínima que sexa, deberán ser excluídas do servizo, polo que non deberán figurar nas listas provisionais de usuarios, calquera que sexan as súas circunstancias económicas, persoais, etc. Estas persoas só poderán adquirir a condición de usuarios cando acrediten o pagamento de todas as cantidades que deban, e sempre que o fagan antes da publicación dos listados definitivos. Despois desa publicación, non terán dereito a usar o comedor”.*



Resulta estremecedora a total falta de sensibilidade social e familiar desta Consellería chamando actuación fraudulenta, ao atraso no pago do comedor dunha familia que ben puido ver diminuídos os seus ingresos por quedar con todos os seus membros no paro. Porque as axudas só contemplan a situación familiar do pasado ano, e non as posibles causas sobrevidas durante o presente exercicio.

Neste escenario de políticas restritivo da institución que ten as competencias en materia de educación, a Xunta de Galicia, e na actual conxuntura económica e social, cobran máis importancia se cabe as políticas sociais que se fagan dende as administracións locais, as máis próximas aos cidadáns e ás que lles corresponde atender e resolver as necesidades dos seus veciños, planificando e xestionando as políticas públicas de emprego e cohesión familiar e social, neste caso.

As familias de Cambre deben contar con servizos municipais que lles permitan conciliar da mellor maneira posible, as súas vidas familiares co seu traballo ou coa busca de emprego. Son precisamente as familias con fillos en idade escolar as que máis sufren estes problemas de conciliación. Dende o grupo municipal dos socialistas de Cambre demandamos do goberno local, políticas activas en materia de conciliación da vida laboral e familiar de tal xeito que ningún veciño de Cambre poida ver comprometida a súa estabilidade laboral ou a busca de emprego por limitacións no acceso ao servizo de comedores escolares, polo que...

Con base en todo o anterior o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ao Pleno a seguinte proposta de ACORDOS:

Primeiro: Solicitar da Xunta de Galicia a derogación da Instrución 1/2011 da Consellería de Educación, nomeadamente no que atinxe ao parágrafo máis arriba recollido.

Segundo: Instar á Xunta de Galicia a crear unha liña de becas, bolsas ou axudas para o comedor dirixida a aquel alumnado cuxas familias vexan reducidos significativamente os seus ingresos por mor da crise.

Terceiro: Instar ao goberno municipal a que asuma a xestión do servizo de comedor, daqueles rapaces que, tendo dereito a este servizo, quedaron excluídos, e non están a desfrutar del no presente curso escolar 2011-2012.

Cuarto: Esixir ao goberno municipal que se adopten as medidas oportunas co fin de lograr a universalización do servizo de comedores escolares, nos centros educativos de educación infantil e primaria, para o curso 2012-2013, de tal xeito que todas as familias de Cambre que o soliciten poidan beneficiarse del, e isto dentro dun plan integral de medidas de conciliación da vida laboral e familiar.

Quinto: Dar traslado do presente acordo aos grupos políticos do Partido Popular, Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE e Bloque Nacionalista Galego, do Parlamento Galego,

co fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ao aprobado nos acordos 1º e 2º da presente moción.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo vai votar a prol da moción, porque están totalmente a prol dos acordos que se propoñen para a súa aprobación, pero queren tamén matizar bastantes cousas. Primeiro, que na exposición de motivos se recollen bastantes datos que non son certos. Son datos que confirman non só eles dende o equipo de goberno, senón que dende que se presentou a moción, e ante a alarma xerada incluso en prensa, mantiveron conversas coa Xunta de Galicia, cos técnicos municipais, cos colexios e coas AMNPAS. Todos eles lles dixeron que moitos dos datos que se achegan nesta moción son falsos.

Di que non é certo, en primeiro lugar, que un neno que non pague unha das mensualidades ao longo deste curso, vaia quedar sen servizo. Esa instrución é exclusivamente para regular os criterios de selección dos usuarios ao inicio do curso, para interpretar algúns artigos que non están de todo claro no decreto que regula o comedor escolar, e que foi aprobado na época do bipartito.

En segundo lugar di que se insinúa que non existen axudas para o comedor escolar, e iso tampouco é certo, o propio decreto da Xunta do bipartito, regula as axudas para o comedor escolar.

En canto a que o concello asuma o servizo para os nenos que cumprindo os requisitos non teñan obtido prazas, é algo que o PP levaba no seu programa, polo tanto teñen que estar a prol. Explica que non lle teñen dado prioridade a este asunto porque durante este ano nin un só dos usuarios que solicitaron praza, e que cumprían os requisitos, quedaron fóra, de feito, hai dous colexios nos que sobraron prazas.

O que si lles parece bastante máis grave é que digan que 70 nenos quedaron sen praza, porque iso é completamente falso. En Brexo-Lema sobraron prazas, en Sigrás tamén, no colexio do Graxal quedaron catro nenos fóra porque presentaron a documentación fóra de prazo, e no colexio de Cambre quedaron fóra cinco nenos que non cumprían os requisitos. Polo tanto, dificilmente poden poñer en marcha un plan ou servizo de axuda destas características cando non existe ningún tipo de demanda.

Di que é certo que en anos anteriores si houbo este problema, e, de feito, o Partido Popular fixo todas as xestións que estaban nas súas mans para solucionar os problemas, de feito tiveron bastantes reunións coa xefa territorial da Consellería de Educación para paliar un tema que parecía ser recorrente, pero precisamente este ano ningunha das persoas que cumprindo os requisitos solicitou unha praza de comedor, ningún deles quedou sen praza. Por tanto, non é unha situación de extrema urxencia porque non hai necesidade.

Conclúe dicindo que o PP está de acordo, pero querían matizar todas esas cuestións que non son certas.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta en primeiro lugar que a Instrución 1/2011 non recolle especificamente o que o voceiro do PP dixo. É certo que é unha instrución que ten que ver exclusivamente cos comedores de xestión directa da Consellería, pero saben perfectamente que hai diferentes colexios en Cambre que se xestionan de diferente maneira.

En segundo lugar, evidentemente o que está pedindo é unha redefinición e unha actualización das axudas de custo, para ter en conta a crecente situación de precariedade das familias de Cambre, ese é o espírito da moción.

No que se refire ao número de alumnos que quedaron sen praza nos comedores escolares, eles manexaron os datos que no seu momento lles facilitaron e que están colgados nos taboleiros de anuncios, nos que se di que en Cambre había 38 usuarios que quedaran fóra do servizo de comedor. Seis no Portofaro e 32 no Temple. Eses son os datos que eles barallaron, se se actualizaron, pola súa parte aceptan esas cifras.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, de UxC, manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol da moción. Non obstante, no punto terceiro, onde se fala de instar ao goberno municipal el cre que falta esixir á Xunta de Galicia, ou ao resto de administracións cando sexan competentes nos servizos, que asuman esas competencias, e non que teñan que ser os veciños de Cambre, ao final, os que teñan que pagar polas competencias que ten a Xunta ou outras administracións.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo vai apoiar a moción, porque nela se amosa unha especial sensibilidade con moitísimas familias, tendo en conta o momento dramático que están a padecer, e tamén subscriben a afirmación que se fai sobre a Consellería de Educación, sobre a súa escasa preocupación e sensibilidade. Por todo isto, van apoiar a moción do grupo socialista.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol, e di que o que si se podería agradecer é que cando se presenten as mocións veñan máis contrastadas, para que non se dean estas diferenzas de datos.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que o seu voto tamén vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que eles entenden que o espírito desta moción vai máis aló do ámbito estritamente de prestación dun servizo, pretende buscar acordos e consensos en materia de conciliación de vida laboral e familiar. Por outra parte, agradecen a unanimidade, o respaldo de todas as forzas políticas presentes, e dille ao goberno municipal que cando se trata de defender os intereses dos veciños e familias de Cambre, o grupo municipal socialista vai estar aí detrás, apoiando e colaborando co goberno.

Antes de pasar á votación, o Sr. alcalde pregunta se están de acordo en modificar o punto terceiro dos acordos, tal e como suxeriu o voceiro de UxC.

Don Jesús Bao Bouzas sinala que están de acordo coa medida proposta, aínda que insiste en que a moción é máis unha cuestión de consensuar. Evidentemente sabían que redefinir as políticas en materia de comedores escolares, e de conciliación, implica abrir novos horizontes en materia de acordos, un deles, son os convenios de colaboración que se poidan establecer entre diferentes administracións. Reitera que o espírito da moción vai nesa dirección, non na de esixir.

O Sr. alcalde pregunta, entón, se no punto terceiro debe figurar “instar á Xunta de Galicia” en vez de “instar ao goberno municipal”.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño aclara que non era iso o que quería dicir. Di que está ben instar ao goberno municipal tamén, o que quería salientar é que hai que esixir á administración competente que cumpra coas súas competencias, e que non teñan que ser os veciños de Cambre os que teñan que asumir, cando non o asuman eles, o custo dese servizo. Hai pouco tempo faláron do 065 e é exactamente o mesmo punto do que están falando agora, esixir onde se teña que esixir ás administracións que teñen competencias para iso. Por tanto, eles van votar a prol sen tocar para nada a moción.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que, evidentemente, o que se insta con esta moción é unha pretensión das familias de Cambre de ter servizo de comedor escolar para os seus nenos e non tanto como ten que pagarse iso por medio de axudas. Di que haberá familias que estean dispostas a pagar a totalidade do custo do servizo de comedor escolar, e iso hai que telo en conta. O que moitas familias demandan é que se preste ese servizo, e nesa liña é onde el cre que teñen que traballar.

O Sr. alcalde manifesta que niso el cre que todos están de acordo, a finalidade e o fondo da moción está claro para todos os grupos.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo de EU. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros

presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU.

### **B) Moción do grupo municipal de EU sobre a participación cidadá nos plenos**

Rexistrada de entrada ao núm. 17000 o día 14 de outubro de 2011, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“A información e participación nos asuntos públicos, é un dos piares nos que se asenta a nosa democracia. A posición que ten EU a prol dunha ampla participación dos cidadáns na vida política non responde á crenza de que é un dereito que lles foi outorgado, senón ao recoñecemento dun dereito que lles pertence.

A participación directa nas institucións é fundamental, porque supón o que os cidadáns/ás sentan de verdade que forman parte delas o que significaría un avance no proceso democratizador delas, incorporando a sectores ou grupos excluídos logrando desta forma unha ampliación do campo dos dereitos e liberdades.

Considerando que os representantes que formamos a Corporación municipal representamos a un amplo sector da poboación de Cambre non debemos facer oídos xordos e ollos cegos á realidade social que se vive. Tralo detonante do 15-M e as posteriores mobilizacións sociais que están tendo lugar a nivel mundial, nacional, rexional e local: coa actividade continuada de asembleas locais; consideramos que é hora de expoñerse outra forma de participación cidadá, na que teñan cabida asociacións, movementos sociais ou calquera cidadán ou cidadá a nivel individual, que sexan instrumentos útiles e válidos de colaboración cos poderes públicos no obxectivo común de conseguir unha mellor calidade de vida e un aumento dos servizos que o concello debe ofertar aos seus cidadáns.

Na pasada campaña electoral todos os partidos aquí representados levamos nos nosos programas a participación cidadá como un dos puntos máis importantes, cremos que é a hora de demostrar que non só eran palabras para conseguir votos. A Constitución Española aposta por unha democracia participativa, enlazando unha democracia representativa e parlamentaria con elementos de democracia directa, así no seu art. 9.2 di: “*corresponde aos poderes públicos facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social*”, así mesmo no art. 29 recoñe o dereito de petición individual e colectivo e no art. 51 o dereito á información e participación.

Doutra banda e recollendo o que expón a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local vemos como no punto un do seu art. 69 di: “*As Corporacións locais facilitarán a máis ampla información sobre a súa actividade e a participación de todos*

*os cidadáns/ás na vida local*". Así mesmo o artigo 20.3 do Regulamento orgánico do Concello de Cambre, contempla: "*Todas as persoas teñen dereito a intervir nas sesións plenarias dos plenos que sexan de carácter ordinario*" ... de acordo coas prescricións sinaladas no mencionado artigo.

Esquerda Unida de Cambre quere reafirmar a súa vontade política de impulsar os medios necesarios para facer efectivo o dereito cidadán á participación en asuntos públicos que a Constitución proclama, impulsando así a democracia directa, ocupando espazos na toma de decisións que vaian máis aló de limitarse a votar cada 4 anos.

Polo exposto o grupo municipal de EU propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Que o goberno municipal inicie de inmediato os traballos para desenvolver a participación nos puntos de rogos e preguntas dos plenos municipais do Concello, de calquera cidadán, tanto de forma individual ou representando a asociacións, movementos sociais, etc.; segundo os termos contemplados no artigo 20 do Regulamento de participación cidadá. Considerando isto como un paso para desenvolver o propio regulamento.

Segundo: Que do presente acordo se dea a máxima información á cidadanía de Cambre."

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo non pode estar máis de acordo con esta moción, xa que a idea de que no Concello de Cambre se poidan facer preguntas nos plenos xurdiu grazas a dúas mocións que o PP presentou na pasada lexislatura.

Di que non sabe exactamente a que se refiren con que se desenvolva o artigo 20 do Regulamento de participación, porque o artigo xa está desenvolvido e, de feito, a el mesmo, como voceiro do PP, varios veciños xa lle preguntaron cal é o procedemento para facer as preguntas, así que supón que nos vindeiros plenos xa as comezarán a facer. Gustaríalle saber a que se refiren con esta petición, se queren que se dea divulgación, porque se é iso, o responsable municipal de participación cidadá, por orde do Sr. alcalde que é quen ten atribuída esta materia, xa ten previsto facer un foro, antes de fin de ano, onde se explique a todas as asociacións e entidades municipais cal é o procedemento para facer ese tipo de intervencións.

Conclúe dicindo que xa están traballando sobre o tema, hai veciños que xa preguntaron polo procedemento e xa foron informados, e, por suposto, están a prol da moción.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que o Sr. Andreu acaba de facer a pregunta e el mesmo a contestou. Di que esa é a súa intención, dar publicidade a este mecanismo que teñen todos os cidadáns para poder participar na vida política municipal.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, amosa o apoio do seu grupo á moción presentada.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu voto tamén vota a prol.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que votan a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que tamén o seu voto é a prol da moción.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López agradece o apoio amosado por todos os grupos á proposta de EU.

O Sr. alcalde responde que non podería ser doutra maneira, cre que todos os grupos o levaban no programa electoral, é unha demanda veciñal. Como se dixo antes, el, como responsable de participación cidadá, ten organizado un foro para explicar ás asociacións, e a nivel individual a quen queira asistir, como se vai organizar o procedemento, porque máis que publicitalo en pancartas o que hai que facer é explicar realmente como vai funcionar, porque non é fácil.

Di que os responsables que asistiron aos foros de elaboración do regulamento van ser tamén os que expliquen como se vai facer, e para iso convocarán a todas as asociacións.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

## **6º Informes da Alcaldía**

De orde do señor presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 16665 o día 5 de outubro de 2011, procedente do director xeral do gabinete da Presidencia da Xunta de Galicia, onde se agradece o envío do acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión de data 31 de marzo de 2011, relativo á moción sobre a protección da fauna do río Mero, e comunican que se deu traslado á consellería competente para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 16928 o día 13 de outubro de 2011, procedente do Consello de Contas de Galicia onde, en contestación ao escrito do 27 de

xullo de 2011 no que se achegaba copia do acordo plenario do día 21 de xullo, no que se solicitaba ao Consello que incluíra ao Concello de Cambre entre os entes locais sometidos a auditoría de regularidade no seu plan anual de traballo para o ano 2012, comunican que: *“Por disposición do art. 24.1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, a iniciativa para a tramitación dos procedementos relacionados coa función fiscalizadora está reservada ao propio Consello e ao Parlamento de Galicia carecendo as demais persoas físicas ou xurídicas de recoñecemento legal para iso.*

*Porén, de conformidade co acordado polo pleno deste Consello, na súa sesión celebrada o pasado día 27 de setembro, o seu escrito porase en coñecemento do dito órgano colexiado con anterioridade á aprobación do vindeiro Plan de traballo, no que se especificarán os informes de fiscalización que se realizarán no ano 2012, por se estimara conveniente incluír no exercicio das súas propias competencias fiscalizadoras a fiscalización solicitada.”*

## **7º Rogos e preguntas**

### **Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 16981 o día 14 de outubro de 2011, xunto coas preguntas para este pleno.

1º De todos son coñecidos os problemas de aparcamento que sufren os veciños da urbanización A Barcala polo incremento do número de vehículos na zona. Este problema vese agravado polo peche do aparcadoiro do Eroski para as persoas que non sexan usuarias dos seus servizos. Á vista das solicitudes efectuadas por parte dos veciños da zona a este grupo municipal:

Solicitamos que se habilite a beirarrúa da rúa Río Valiñas, que linda, nun plano superior, coa que transcorre paralela á estrada provincial do Temple a Cambre, e que non é usada polos peóns, para que sirva como zona de aparcamento de vehículos.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que a semana pasada recibíuse no concello unha solicitude avaliada por máis de 800 firmas de veciños da Barcala para que se habilite esa beirarrúa como aparcadoiro, pero di que tamén é verdade que hai outros veciños que din totalmente o contrario, por iso decidiron enviar aos técnicos municipais para que fagan un informe, tanto urbanístico como de servizos, para ver que solución toman.

El está practicamente de acordo en que efectivamente se pode habilitar como aparcadoiro, porque por alí pasa pouca xente, pero está a expensas dos informes técnicos.



Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, reitera o dito polo Sr. concelleiro, que en principio esa beirarrúa non dá servizo aos peóns, porque os que queren circular pola estrada de Cambre-Temple utilizan a beirarrúa de abaixo, e os que queren ir pola marxe onde está a cafetería Luisela, van por esa beirarrúa. Di que esa beirarrúa non tiña moito sentido e incluso, ao mellor, sen moitas modificacións podería habilitarse o espazo xa existente para que sirva de aparcadoiro.

Don Manuel Marante Gómez di que iso é verdade, pero que tamén hai veciños que din que é a única beirarrúa que ten sombra para pasear.

2º Pais e nais de alumnos do colexio Torrente Ballester, en concreto os que utilizan o servizo municipal “Mañanceiro”, veñen de poñer no noso coñecemento o problema que sufren como consecuencia da hora de acendido da calefacción do centro. Os nenos do mañanceiro entran ás 8:00 da mañá e a caldeira acéndese case dúas horas máis tarde. Durante este tempo os rapaces sufren o frío propio dos meses de inverno. Este problema arranxaríase poñendo un programador horario á caldeira da calefacción ou ben dotando ao comedor de radiadores. Por todo isto:

Solicitamos se adopten as medidas máis rápidas e eficaces para atender esta demanda.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que xa atenderon esta demanda e que hoxe xa teñen alí as estufas. Di que estaban en contacto coa directora, viron o problema, e a solución máis fácil foi a das estufas.

3º Veciños da praza José Luis Caso Cortines denuncian o estado no que se atopa o *parterre* lindante co portal núm. 3, cheo de sucidade e perigoso para os nenos que xogan na zona. Por todo isto:

Solicitamos se rechee con terra, plantando céspede e arbustos.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que, efectivamente, hai un *parterre* alí que está mal e perigoso. A raíz do rogo presentado foi velo hoxe ao mediodía, pero os técnicos non tiñan claro de se é público ou privado. Quedaron de darlle a información mañá, porque hoxe non lles deu tempo, pero, en todo caso, e sexa como sexa, van tratar de solucionalo.

### **Rogos de EU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 17000 o día 14 de outubro de 2011, xunto coa moción e preguntas para este pleno.

1º A rede de camiños públicos do concello, constitúe un elemento indispensable para a comunicación entre distintos lugares, existindo no concello moitos viais que polas súas características e falta de atención provocan situacións que os fan intransitables,

motivado en gran medida pola abundante maleza é obstáculos que impiden o seu tránsito ante a ausencia dunha actuación decidida na conservación e vixilancia por parte da administración local.

Polo exposto, o grupo municipal de EU prega ao goberno local, tome as medidas oportunas para a limpeza e acondicionamento do camiño que transcorre entre a rúa Wenceslao Fernández Flórez e Rocón, co fin de garantir o seu mantemento e as mellores condicións para o seu uso público.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, explica que este rogo ten que ver co mesmo que se trouxo na pasada lexislatura. Trátase dun camiño que está a escasamente 10 metros do concello. Ten que felicitar ao responsable porque entregaron este rogo o venres pasado e a día de hoxe observaron que o camiño está limpo, e agardan que se termine de acondicionar. Felicitan ao responsable pola súa eficacia e agardan que continúe así nesta lexislatura.

Polo tanto, di que retiran o rogo.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, agradece os afagos, pero di que foi coincidencia. Efectivamente, se EU non tivera feito o rogo o camiño hoxe non estaría aínda limpo, pero coincidiu que os dous empregados que están dedicados a estas tarefas terminaron o traballo que estaban facendo, e foron alí. Insiste en que non foi por eficacia súa, e ademais agradece aos grupos que fagan estes rogos porque vai intentar sempre corresponder coa máxima prontitude.

Neste caso coincidiu así, terminaron outra tarefa e viñeron para aí, pero de feito hai bastantes problemas para terminar a limpeza, hai que traer unha pala pequena e cargar todo o que hai, porque aínda co que fixeron está intransitable. Con todo, el agarda que para a próxima semana quede resolto.

2º O noso grupo ten coñecemento por parte dos medios de comunicación sobre distintos problemas tratados no ente supramunicipal do Consorcio das Mariñas. A pesar de ter aprobada unha moción referente á información que deberían transmitir os representantes do concello ao conxunto da Corporación nos órganos colexiados para os que foron designados, seguen sen dar unha información puntual sobre o tratado no mencionado organismo.

O noso grupo prega aos responsables do goberno nos informen das xestións e proxectos tratados no Consorcio das Mariñas relativos á elaboración dun borrador para sacar a contratación de forma conxunta o consumo eléctrico municipal, e se teñen algunha estimación do posible aforro enerxético no noso concello.

O Sr. alcalde contesta que EU terá coñecemento polos medios de comunicación, pero el é quen asiste ás reunións do Consorcio e isto non é así. Di que só houbo dúas reunións do Consorcio das Mariñas ás cales asistiu, unha foi precisamente cando foi nomeado o

novo presidente, que é o alcalde de Abegondo. Na segunda reunión o presidente designou a responsabilidade de cada un dos alcaldes da área do Consorcio.

Continúa dicindo que é verdade que, ao igual que se fai co tema da recollida de lixo, falouse da posibilidade de agrupar outros servizos municipais. Sobre o tema da estimación do posible aforro enerxético non teñen nada, porque xa di que non hai nada do tema de contratación, é un tema que se vai estudar, e posiblemente o falarán na próxima reunión, igual que outros.

Conclúe dicindo que non se elaborou ningún borrador nin se fixo nada, que se falará posiblemente na próxima reunión e que ata agora, como xa dixo, só houbo dúas reunións, unha para designar ao presidente, e a segunda para cesar ao xerente e nomear un novo, así como para adxudicar responsabilidades a cada un dos alcaldes, nada máis, agora é cando se empezará a traballar.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que eles teñen que referirse ao que sae na prensa, dito por un alcalde da comarca que asiste aos plenos do Consorcio, e iso porque outro tipo de información do Consorcio non teñen, a pesar de ter aprobado, como dixo no rogo, unha moción onde o anterior goberno se comprometeu a informar ao resto dos grupos do tratado no Consorcio.

Cre que os grupos municipais representados nesta Corporación teñen o dereito a ter esa información, para así, ao mellor, non estar equivocándose e o Sr. alcalde corrixíndoos polo que ven publicado nos medios de comunicación. Considera que no futuro é importante, cando se asista ás reunións do Consorcio, que posteriormente se lles facilite esa información. Ese é o rogo que fan.

O Sr. alcalde dille ao Sr. Taibo que teña a seguridade de que non se tratou ningunha outra cousa no Consorcio. O maior problema que tiña o Consorcio nese momento era o xerente, e foi o único problema tratado. Pídelle que non o dubide, porque el presume de ser transparente e vai a selo, todo o que se trate no Consorcio, cada unha das reunións, fará un informe e cando haxa algo que comunicarlles, farao, a todos os grupos.

3º O 15 de setembro abriuse o período voluntario de pagamento de recibos de contribucións das entidades locais. Na actualidade tanto o Concello de Cambre como a Deputación Provincial ten asinados convenios de colaboración con entidades bancarias de cara ao cobro dos devanditos recibos.

O grupo municipal de EU ten coñecemento que algunhas oficinas de Novacaixagalicia só permiten o pagamento de recibos contributivos de Deputación e concello en horario de 8:30 a 10:30 cando o convenio obriga a cobrar os recibos durante todo o horario de atención ao público. Inclusive polas tardes cando as entidades abran ao público en xeral.

Esta actitude de incumprimento da entidade financeira está a supoñer graves prexuízos aos veciños/as que teñen unha franxa horaria excesivamente restritiva para cumprir coas

súas obrigas fiscais. Situación que ademais repercutirá negativamente nas arcas municipais ao producirse maior número de impagados, amais de dificultar e encarecer as tarefas administrativas ao ter que pasar os ditos impagos a vía de constrinximento executiva, coa súa correspondente notificación, inclusión no BOP, etc.

Polo exposto, Esquerda Unida prega ao goberno realice as xestións oportunas ante Novacaixagalicia co fin de dar cumprimento ao establecido no convenio de colaboración.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que están de acordo, e farán as xestións ante NovagaliciaBanco para que se cumpran os convenios na súa integridade.

### **Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 16981 o día 14 de outubro de 2011, xunto cos rogos para este pleno.

1<sup>a</sup> No pleno celebrado o día 8 de setembro este grupo preguntaba sobre as xestións que tiña efectuado ou pensaba levar a cabo o goberno municipal para atender ás carencias que veñen a sufrir os veciños da Mota e Aldea de Arriba en materia de transporte público polo deficiente servizo que presta Autos Vázquez, empresa concesionaria da liña.

Pois ben, se antes o servizo era deficiente, agora é directamente inexistente: a empresa Autos Vázquez deixou de prestar os seus servizos aos veciños destes rúes de Cecebre, como antes o tiña feito cos do Cruceiro, Pravio. Por todo isto este grupo pregunta:

Que xestións se están facendo para normalizar o servizo de transporte público de viaxeiros aos veciños da Mota e Aldea de Arriba?

O Sr. alcalde reconece que este é un tema preocupante, e hai xestións feitas dende o día 8 de setembro que aínda non culminaron. Di que el tivo unha reunión con Alfredo Vázquez, dono de Autos Vázquez, para tratar esta cuestión e preguntarlle por que deixara de facer o servizo. O Sr. Vázquez explicoulle que o problema é que non pode dar a volta cos autobuses na Mota, porque non ten sitio para facelo a menos que incorra en multas, é dicir, tería que meterse marcha atrás no camiño que hai no alto da Mota para poder xirar e dar a volta, ou senón, ir dar a volta a Guísamo. Polo tanto, como ir a Guísamo suporía un incremento importante de custos, e meterse ademais no terreo doutra concesionaria, el propuxo deixar o servizo, e tratou coa Xunta a ver que prestacións lle podía dar a cambio de deixar ese servizo e que o fixera o transporte metropolitano.

Continúa dicindo que tamén se dirixiu ao director xeral de Mobilidade para falar deste asunto. Parece ser que Autos Vázquez quere unha cantidade importante de diñeiro para deixar a concesión, e a Xunta non está disposta a pagar, como é moi lóxico. Iso foi o que lle explicou o director xeral, o Sr. Rodríguez Bugarín, que a empresa non cede e que non permite que ningún outro autobús faga o servizo porque ten a concesión. É o que se adoita dicir: non come nin deixa comer.

Tras coñecer esta explicación por parte do director xeral, quedou en ter outra reunión con Alfredo Vázquez e tratar de chegar a un acordo con el para que deixe o servizo e que este servizo o asuma o transporte metropolitano, cos que xa teñen falado.

Conclúe dicindo que agarda, nos próximos 15 días, ter resolto o asunto, ben dunha maneira, ben doutra.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que o que non ten sentido agora é que Autos Vázquez faga referencia ao problema que ten para dar a volta alí, cando sempre o veu facendo, non é algo novo. Di que parece que o que se esconde detrás disto é un ánimo de acadar unha rendibilidade dunha concesión que non lle interesa, ou sexa, dá a impresión de que a Autos Vázquez non lle interesa chegar cos seus vehículos alí arriba e, por tanto, o que intenta é sacar a maior cantidade de diñeiro posible. Cre que iso non ten forma de fundamentarse de ningunha maneira, e que lle corresponde á Dirección Xeral de Mobilidade, obrigar á empresa a que cumpra coa concesión que ten, e se non quere seguir con ela, que renuncie voluntariamente, ou senón que sexa sancionado por incumprimento da concesión.

O Sr. alcalde contesta que están totalmente de acordo. Explica que Autos Vázquez estaba facendo o servizo e dando a volta na Mota, pero resulta que leva acumuladas sete multas, e á oitava dinlle que como o volvan pillar vai ser grave o tema. É certo que non pode dar a volta alí, iso atenta contra calquera vehículo que circule pola estrada, ten que parar e dar marcha atrás invadindo todos os carrís, e cando sae, faino sen visibilidade ningunha. A Garda Civil foi a que o sancionou, e claro, cando a un o sancionan sete veces, á oitava non vai, é normal. Só lle queda ir dar a volta a Guísamo, fíxoo durante unha tempada e significoulle un incremento importante de custos e meterse no terreo doutra concesionaria que non sabe que o está facendo.

Continúa dicindo que el non está defendendo a Autos Vázquez, pero é un tema que hai que solucionalo. El vaille pedir que ceda a concesión, se é que non a quere, e que ese tramo o faga o transporte metropolitano, que non hai ningún problema. Vai facer todas as xestións nese sentido ata conseguilo.

2ª No pleno do pasado 21 de xullo, o equipo de goberno pediu unha ampliación do prazo para acometer varias das obras previstas no plan Arume, entre elas a rehabilitación da chamada praza do concello ou campo da feira de Cambre, prolongando o seu prazo de execución ata decembro do 2012, co fin de buscar alternativas para garantir que non se perden prazas de aparcamento no centro do pobo, unha cuestión que

suscita temores tanto nos veciños da zona, que en moitos casos non dispoñen de aparcadoiro privado, como para os comerciantes, para os que a falta de aparcamento suporía un novo lastre a engadir á actual crise económica, entorpecendo aínda máis o consumo.

Por todo isto, este grupo pregunta:

Buscou xa o goberno local un emprazamento alternativo para que poidan aparcas os vehículos que actualmente estacionan no campo da feira? Garántese o mantemento de todas as prazas actuais? Tense definido xa a data de inicio dos traballos? Cal é a solución escollida para o pavimento da praza?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que con respecto a este proxecto aínda se está traballando nel e, polo tanto, hai aquí unha serie de preguntas que aínda non lle pode contestar nestes momentos. O que si quere é invitar a todos os grupos políticos aquí presentes para que este mércores día 26, ás 11:30 horas, veñan ver o proxecto que lles vai traer o grupo redactor, para que entre todos decidan se lles parece ben, ou se necesita algún tipo de cambio.

3ª Recentemente veñen de instalarse diante da fachada do concello sendas cámaras de seguridade, entendemos que para evitar actos de vandalismo e pintadas nela. A este grupo municipal non lle consta que o goberno municipal teñan concedida nin tan sequera solicitado, como é legalmente preceptivo, a autorización administrativa pertinente para instalacións deste tipo.

Por todo isto este grupo pregunta:

Ten o concello autorización administrativa para as citadas cámaras?

Que departamento do concello ten adscrita a responsabilidade de controlar e xestionar as imaxes captadas por elas?

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que retiran a pregunta.

### **Preguntas de EU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 17000 o día 14 de outubro de 2011, xunto coa moción e rogos para este pleno.

1ª O cambio e reposición de parte dos elementos do mobiliario urbano en tres prazas da urbanización A Barcala, provocou o rexeitamento e mobilización por parte dos veciños/as, por entender que na dita actuación producíanse varias deficiencias.

Pode informarnos o goberno quen foi o responsable da instalación dun mobiliario que o propio alcalde non dubidou en manifestar que estaba deteriorado e que “*podería poñer en risco a saúde dos usuarios*”?

Comprobaron dende o goberno a calidade dos materiais e estado dos elementos a instalar?

Existe algún informe técnico recomendando a retirada do mobiliario?

O Sr. alcalde sinala que realmente trátase de tres preguntas en vez dunha, pero, en todo caso, vai intentar contestalas todas.

Explica que isto é un proxecto que lle vén herdado, xa que foi aprobado pola anterior Corporación, ou equipo municipal. É un proxecto cunha subvención da Consellería da Presidencia. O proxecto en si ten dúas partes, adecuación das prazas urbanas da Barcala e do parque infantil de Bribes, presentado ao abeiro dunha Orde de 31 de decembro.

Pediuse a subvención e a subvención foi concedida. En principio non lle viron ningún problema, porque era remodelar os bancos que había nas tres prazas da Barcala. O proxecto seguiu adiante, porque, ademais, hai unha data límite ou senón perden a subvención. Adxudícase a obra e mercan os bancos que elixira o concelleiro ou concelleira naquel momento. Tan pronto chegan os bancos, a el chamouno un veciño da Barcala requirindo a súa presenza aló.

Di que, efectivamente, isto ten un obxectivo que non é malo, a consellería dá a subvención porque se trata de bancos e xardineiras de material reciclado. Iso é o que se pedía, aproveitar os plásticos que van no cubo amarelo co fin de facer mobiliario urbano.

Efectivamente a primeira impresión ao ver os bancos é o que din os veciños, parecen de segunda man. Ademais, a súa colocación polos responsables non foi moi boa, dada a présa que había para xustificar a subvención. É mais, despois da súa insistencia, recoñecerónlle que se equivocaran cos respaldos dos asentos.

Di que tan pronto como verificou os bancos viu que non eran adecuados, e non porque tiveran unha figura estraña, porque poden gustar ou non gustar, pode o material chamar a atención en canto á cor, pero iso vai ir cambiando co tempo e van quedar dunha soa cor. Trátase de material recollido do cubo amarelo, triturado e sometido a calor, de aí a súa cor, pero iso vai cambiar e acabarán quedando de cor gris. A el o que non lle gustou foi a terminación dos bancos, que incluso tiñan esquirilas, restos de plástico, que se notaban ao pasar as mans e as danaban, por iso dixo que poderían poñer en risco a saúde dos usuarios. Inmediatamente ordenou que non se seguiran poñendo os bancos ata que tomaran unha decisión e el falara coa empresa subministradora.

Despois de varias conversas coa empresa e ver como se levara o proxecto, asume a culpa que lle poida corresponder por coller un proxecto que tiña comezado o equipo

anterior, e ao mellor non facer o seguimento de ver ir o banco que ían poñer aí antes de que o puxeran. El tñiao nunha fotografía dun catálogo e, en principio, non lle parecía mal. A verdade é que os bancos non son malos, o que pasa é que foron feitos de présa e correndo, incluso hoxe pola mañá, falando co comercial da empresa sita en Barcelona, díxéronlle que se fixeran cuns novos moldes creados para prestar este servizo.

Explica que el deu unha orde, e a orde está dada, os bancos non se van poñer na Barcala. Os bancos son de calidade, el iso non o vai discutir, porque ademais teñen un premio internacional, é máis, en sitios onde haxa ambiente marino e salitre, son moi resistentes. Poden ser á vista feos ou menos feos, pódennlle gustar á xente ou non gustar, pero o material dos bancos é de calidade. Hoxe trouxeron os respaldos que debían levar eses bancos, e a cousa xa cambia.

En canto a se existe un informe técnico, di que ninguén lle dixo que tiña que recabar un informe técnico para a retirada do mobiliario. Incluso a delegada da empresa, un día que el non estaba, manifestou ante o concelleiro de Obras e veciños da Barcala, que o alcalde non tiña idea de plásticos, cando o certo é que el leva 25 anos traballando con plásticos, e ten unha empresa que precisamente se dedica a iso, así que non llo poden dicir. Hoxe xa cambiou a papeleta, tiveron que recoñecer que efectivamente os bancos, polo que sexa, viñan danados, as papeleiras tamén, e os respaldos non correspondían ao banco que ían poñer.

Di que iso foi esta mañá e as mostras chegaron esta mañá, agora teñen que tomar a decisión, pero dende logo na Barcala eses bancos non se van poñer, esa é unha decisión que tomou como alcalde e está tomada, e non vai recabar ningún informe técnico, porque cre saber suficiente de plásticos como para saber o que están poñendo.

Xa dixo que a calidade dos bancos é boa, non os que lles mandaron, pero si a calidade dos bancos que terían que ser. Sobre gustos non hai nada escrito, poden ser máis bonitos ou máis feos; poderá terse equivocado o concelleiro ou o técnico que os elixiu, ou non, iso é un problema de gustos.

Conclúe dicindo que a situación é esa, tomarán unha decisión e verán que pasa con iso. En canto á subvención, tratarán de dividila en dúas fases, o que é o parque infantil de Bribes por un lado, e o que é a mellora das prazas da Barcala por outro, para poder liquidar unha subvención e que quede pendente a outra parte para ver se lle dan outro prazo para arranxar ese desaguizado. Di que mañá falará sobre este asunto con Norberto Uzal, que é o director xeral.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, sinala que o mesmo alcalde recoñeceu e asumiu a súa parte de culpa neste tema. El cre que o goberno municipal foi por detrás do problema en vez de ir por diante, xa que debería haber, polo menos, un contacto cos servizos técnicos do concello que serían os que deberían supervisar que tipo de bancos e que tipo de mobiliario se vai instalar na urbanización da Barcala.



Cre que o que faltou neste proceso foi diálogo e comunicación cos veciños. Antes de facer esta instalación deberían ter falado cos veciños e dicirlles que mobiliario se ía instalar e se estaban de acordo con que se sacaran uns bancos que cumprían perfectamente co seu servizo, os bancos de formigón que estaban instalados alí. Di que iso foi parte do enfado que manifestaron os veciños da Barcala.

Sinala que en cores e gustos non hai nada escrito, pero a el particularmente parécelle que este tipo de mobiliario non pega nada co ámbito da Barcala. Non pon en dúbida a súa calidade, ao contrario, alédase que se faga reciclaxe e que se aproveiten os plásticos dos colectores amarelos, pero insiste en que cre que faltou diálogo e que o concello foi por detrás do problema.

Solicita que no sucesivo isto non se repita.

O Sr. alcalde di que el asume a súa responsabilidade como a ten que asumir, pero quere dicirlle ao Sr. Taibo que el si estaba no goberno anterior. Non vai dicir que o aprobara ou non o aprobara, pero ese é todo o proxecto que había para esa obra, non hai ningunha literatura máis, e el foi por detrás do problema porque el non sabía deste proxecto. Di que pode asumir a culpa do goberno anterior, porque está aquí para asumir todos os problemas que deixaron, non se vai queixar porque cando foi ás eleccións sabía o que lle correspondía. E di que foi detrás do problema no momento en que puxeron o primeiro banco e el estaba alí, porque el non podía saber co catálogo que tiña que banco ían poñer, porque non se parece en nada, a forma si, pero non a cor.

Di que ese é todo o problema, e que se o Sr. Taibo lle quere botar a culpa, que o faga, el asúmea, pero ese non é o problema. Asegúralle que non vai volver pasar, porque calquera mobiliario urbano que se poña, antes o van verificar, ben sexa el mesmo, ou un técnico, ou o concelleiro de Obras, ou un enxeñeiro externo, pero neste caso ese era todo o proxecto que había, e fora elixido por un concelleiro que, ademais, vive na Barcala.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que lle gustaría facer dúas precisións. Unha é que o Sr. alcalde se equivoca, porque el non estaba no anterior goberno, el estaba na anterior Corporación, na oposición, e non elixiu ningún banco.

O Sr. alcalde pídelle que lle perdoe, xa que ao mellor expresouse mal.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que, en segundo lugar, o Sr. alcalde debería saber o que está pendente no concello. Cando asumiu a responsabilidade de ser alcalde de Cambre, debería de saber como está a situación do concello, é a súa obrigaón, o sabe perfectamente, e non é por botarlle a culpa.

O Sr. alcalde dille que ten razón, e que el xa asumiu esa responsabilidade en nome do goberno anterior, pero aquí o Sr. Taibo fixo unhas preguntas, el respondeullas, e cre que iso é o que hai que facer. Considera que no momento en que xurdiu o problema, estivo

alí, tomou unha decisión, non sabe se acertada ou non, pero a decisión está tomada e iso é o que se vai facer e esa é a súa contestación á pregunta de EU.

2ª Ante o proxecto construtivo de clausurar o paso a nivel na liña ferroviaria Palencia-A Coruña, no lugar de Cela, e tendo en conta a preocupación dos veciños/as que se verán afectados na súa actividade diaria ao ter que facer un percorrido de casi un quilómetro, circulando por unha vía sen beirarrúas con elevado risco de accidentes, o noso grupo presenta a seguinte pregunta.

Ten previsto o goberno local realizar algunha alternativa ou obra adicional co fin de mellorar a seguridade nas estradas que unen os lugares da Ponte coa Igrexa en Cela?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que neste momento o Sr. alcalde está a facer xestións coa Deputación para que se faga cargo, dende A Patiña ata Brexo-Lema, de habilitar sendas peonís ou beirarrúas. Se iso non fora para adiante a idea é incluír no Plan complementario do POS deste ano unha zona con beirarrúas.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que lle parece ben que se fagan ese tipo de xestións e que se non fructifican se meta no POS. Tamén sinala que hai unha zona que non entra dentro das negociacións que está levando a cabo o Sr. alcalde, que é a estrada que vai de Cela á Patiña, a ponte da vía, unha estrada municipal na que debería actuar o concello.

Don Manuel Marante Gómez responde que el se refire á estrada da Deputación, dende A Patiña a Brexo-Lema. Se se elimina o paso a nivel os veciños terán que vir pola Ponte de Cela, e esa estrada é de Deputación. En función das negociacións que o Sr. alcalde está mantendo coa Deputación para dotar de beirarrúas, sexan dun tipo ou doutro, o tramo dende A Patiña cara a Lema, entón, no plan complementario poderían meter, ao mellor, un tramo de beirarrúas cara a Igrexa de Cela, que é outro tema distinto. Se a Deputación non fai a súa parte da estrada, entón haberá que incluír todo no proxecto complementario. En función dunha cousa ou doutra, tomarase a decisión.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que non son dúas cousas distintas, e que a pregunta é moi clara, fala da Ponte á Igrexa en Cela, que comprende un tramo da estrada da Deputación e outro tramo do concello, que é o de máis percorrido, e o Sr. Marante ao primeiro só falou da estrada da Deputación, das negociacións do Sr. alcalde. Da estrada que vai a Cela, o Sr. concelleiro non lle dixo absolutamente nada.

Don Manuel Marante Gómez reitera que están pendentes das negociacións, se a Deputación non o fai, o concello terá que facer as dúas.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que iso díxoo a posteriori.

3ª Para cando ten previsto o goberno convocar aos grupos da oposición para tratar sobre o proxecto de *“Rexeneración urbana do Campo da Feira de Cambre?”*

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que este tema xa foi tratado, pero que quereda insistir un pouco máis, xa que se lles dixo nalgún momento aos grupos da oposición que os ían convocar para tratar sobre este proxecto, e que se terían en conta as distintas alternativas e propostas que presentaron os grupos municipais ou a xente particularmente.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, dille que, se quere, pode convocalo agora mesmo, porque chegou un avance do proxecto nestes días, viron unha serie de cuestións coas cales non están de acordo, e por iso propuxeron ao grupo redactor quedar con eles o mércores día 26 para poder falalo. Xa antes invitou aos grupos a que veñan e expoñan a súa opinión.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregunta se nesa reunión van ter en conta as propostas feitas polos grupos e particulares.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que terán en conta todas as propostas.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que lle gustaría facer un apunte con respecto a esta convocatoria que se fai hoxe. Di que eles teñen presentado dous escritos no concello comunicando que a próxima semana tanto el, como o seu compañeiro de grupo José Antonio Orosa, non van estar, e a súa outra compañeira traballa polas mañás, polo que pide, en primeiro lugar, que se lles pase a documentación con tempo suficiente para estudala, e segundo, que se convoque con tempo para que os que teñen a sorte de estar traballando poidan dispoñer de tempo para asistir a este tipo de reunións.

Di que tiveron unha reunión o martes, e supón que aínda non recibiran o avance do proxecto. En todo caso, tamén supón que antes do mércores todos os grupos municipais disporán dese avance, para poder achegar algo á empresa.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que toma nota sobre o tema das reunións. En canto ao avance do proxecto di que se supón que a empresa o entregará o luns. En canto teña noticia de que chegou faralles chegar unha copia ou avisará. E en relación co tema da data, dende logo terao en conta para futuras ocasións.

Don Óscar Alfonso García Patiño sinala que cre que todos os grupos coinciden na importancia do proxecto, de aí o tempo que é necesario para velo.

O Sr. alcalde sinala que aquí se trata, sobre todo, de achegar ideas a un proxecto que quedara pendente. O que pretenden é recoller todas as inquiredanzas do resto de grupos da Corporación e ver se hai que cambiar cousas, niso non hai ningún problema, ademais para iso vén o equipo redactor, que realmente foi o que suxeriu a data da reunión para

adiantar o traballo. Eles aceptaron, non o pensaron, e quizais o Sr. concelleiro de UxC teña razón, e terano en conta no futuro.

Don Óscar Alfonso García Patiño sinala que simplemente é un rogo.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e vinte e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia